

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 10584** *Real decreto lei 12/2021, do 24 de xuño, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito da fiscalidade enerxética e en materia de xeración de enerxía, e sobre xestión do canon de regulación e da tarifa de utilización da auga.*

I

Desde finais de 2020 e, máis intensamente, desde marzo de 2021, o prezo do mercado grosista da electricidade en España está a marcar prezos inusualmente altos. Unha situación que se agravou nas últimas semanas, cun prezo medio en maio de 67,12 €/MWh e de 86,56 €/MWh do 1 ao 17 de xuño, sen que, por outra banda, se producisen situacións excepcionais de carácter meteorolóxico. Esta suba do prezo da electricidade incide directamente na factura eléctrica dos consumidores españois.

Esta situación non parece ser puntual, senón que ameaza con converterse en estrutural se se atende ao comportamento dos mercados a prazo, xa que a cotización dos futuros de electricidade para a segunda parte de 2021 ascende a 83,32 €/MWh.

Estes prezos están xerando alarma social en España, xa que, aínda que para a maioría de consumidores retalistas estes prezos grosistas non afectan inmediatamente a súa factura, si existen modalidades contractuais en que estes prezos son de aplicación inmediata (como o prezo regulado PVPC, prezo voluntario para o pequeno consumidor, ou os contratos en mercado libre baseados en prezos dinámicos, indexados ao *pool*) e mesmo para o resto de consumidores estes altos prezos, de se manteren o suficiente no tempo, acaban por trasladarse tamén aos seus contratos cando estes se revisan.

De acordo cos datos de prezos retalistas publicados por Eurostat correspondentes ao segundo semestre de 2020, os prezos finais para o segmento doméstico en España son os quintos máis altos da UE-27, polo que as circunstancias referidas veñen empeorar unha situación, xa de seu, de altos custos enerxéticos para os consumidores españois.

Cómpre ter en conta que a fixación do prezo do mercado grosista de electricidade depende de moitos factores sobre os cales é difícil actuar no curto prazo, xa que os produtores de enerxía eléctrica ofertan diferentes prezos en función das súas tecnoloxías e é necesario conseguir un equilibrio entre a oferta e a demanda que determina o prezo para cada hora con grandes oscilacións en función da demanda. Cando a demanda é moi alta, os prezos incrementanse porque é necesario utilizar a oferta dos produtores que usan tecnoloxías con custos máis elevados, como os ciclos combinados de gas, sen que esta demanda se poida ver satisfeita só coa oferta que utiliza tecnoloxías con menores custos variables, como as enerxías renovables. Por outra banda, os custos variables das enerxías máis caras medraron conxunturalmente de forma notable debido ao encarecemento do gas natural e da cotización dos dereitos de emisión de CO₂ nos mercados internacionais.

En efecto, esta evolución dos prezos grosistas débese fundamentalmente á evolución do prezo do gas natural (o índice MIBGAS pasou de 21,25 €/MWh o 1 de xaneiro a 29,14 €/MWh o 16 de xuño) e dos dereitos de emisión de CO₂ (30,92 €/t en decembro de 2009 e 51,78 €/t neste mes de xuño).

Para dar resposta a esta situación no marco da transición ecolóxica e da eficiencia enerxética elaborouse o Plan nacional integrado de enerxía e clima (PNIEC) 2021-2030, que recolle o compromiso e a contribución de España ao esforzo internacional e europeo con medidas tendentes á «descarbonización» do sistema enerxético e ao fomento e extensión das enerxías renovables sobre a base de aproveitar dunha maneira eficiente o potencial renovable existente no noso país, particularmente o solar e o eólico, que comportan menores custos variables para a produción de enerxía eléctrica e que redundan directamente nunha redución da factura eléctrica.

Por outra banda, esta situación de prezos crecentes no mercado eléctrico prodúcese no contexto da crise sanitaria provocada pola COVID-19, que está a ter un enorme impacto na actividade económica, cunha redución moi significativa no emprego e un aumento no número de consumidores vulnerables.

Desde unha perspectiva de equidade social, a estatística sobre gasto dos fogares e orzamentos familiares publicada polo INE mostra que a electricidade ten un peso relativo maior na cesta de consumo dos fogares con menor renda, o que significa que unha suba dos prezos da electricidade ten efectos regresivos, prexudicando proporcionalmente máis os decís de menor renda. E iso con independencia dos esquemas de protección dos consumidores vulnerables existentes na actualidade en España (bono social de electricidade), xa que se basean nun desconto sobre a factura final.

A situación descrita ten efectos negativos de diversa índole: á xa referida crecente alarma e malestar social cómpre engadir que os altos prezos da electricidade inciden sobre a renda dispoñible dos fogares e supoñen un freo para a súa recuperación no escenario posCOVID-19.

Pola súa vez, supoñen unha seria ameaza para a axenda de «descarbonización» asumida por España e a Unión Europea, ao poñer en perigo unha das súas pancas principais: o proceso de electrificación da economía como vía máis eficiente e eficaz para reducir as emisións asociadas aos usos enerxéticos.

Vinculado ao éxito da «descarbonización», os cidadáns non entenden como cunha penetración cada vez maior das enerxías renovables os prezos da electricidade son cada vez máis caros, o que está a xerar unha desconfianza crecente no proceso de transición enerxética no seu conxunto.

Ante esta situación, o Goberno de España está a actuar sobre os distintos compoñentes que determinan o prezo final da electricidade, incluída a parte relativa aos custos regulados distintos dos impostos (denominados «cargos»), para os cales se está propoñendo a súa redistribución entre todos os combustibles a través do Fondo para a Sustentabilidade do Sistema Eléctrico.

Tamén se propuxo un mecanismo de minoración do denominado «dividendo do CO₂», que perciben as centrais máis antigas non emisoras, e cuxos ingresos se destinarán a financiar parte deses custos regulados (os destinados ao fomento das renovables, coxeración e residuos) e á loita contra a pobreza enerxética.

Estas medidas, con todo, non estarán aprobadas no curto prazo xa que se están tramitando como proxectos de lei e, polo tanto, non producirán efectos inmediatos. Adicionalmente, desde numerosos colectivos da sociedade civil e por parte dos principais grupos políticos estáselle a reclamar ao Goberno que actúe sobre a fiscalidade da electricidade, de maneira que as reducións nos prezos finais sexan de maior contía e máis inmediatas.

Por outra banda, outro dos elementos que forma parte da factura eléctrica é a aplicación do tipo xeral do 21 por cento do imposto sobre o valor engadido (IVE, en diante) ás entregas de electricidade.

No entanto, o artigo 102 da Directiva 2006/112/CE do Consello, do 28 de novembro, relativa ao sistema común do imposto sobre o valor engadido, establece que, logo de consulta do Comité Consultivo do Imposto sobre o Valor Engadido (en diante, Comité do IVE), todo Estado membro poderá aplicar un tipo impositivo reducido ás entregas de electricidade.

Como se indicaba anteriormente, desde finais de 2020 e, máis intensamente, a partir de marzo de 2021, o prezo do mercado grosista da electricidade en España está a marcar prezos inusualmente altos, situación que se agravou nas últimas semanas, o cal determina que se dan as circunstancias que aconsellan facer uso da facultade conferida aos Estados membros de forma inmediata para acometer unha rebaixa do tipo do IVE aplicable a determinadas subministracións de enerxía eléctrica e, desta forma, garantir a plena eficacia da medida. Por esa razón, un procedemento escrito ante o Comité do IVE parece o máis oportuno para dar cumprimento ao referido precepto da directiva.

En consecuencia, para dar resposta á situación xerada polo incremento dos prezos da electricidade, dentro dos límites da Directiva 2006/112/CE, do 28 de novembro, establécese de forma excepcional e transitoria, ata o 31 de decembro de 2021, para os contratos de enerxía eléctrica cuxo termo fixo de potencia non supere o 10 kW, unha rebaixa, desde o 21 ao 10 por cento, no tipo impositivo do IVE que recae sobre todos os compoñentes da factura eléctrica cando o prezo medio mensual do mercado grosista no mes anterior ao da facturación superase os 45 €/MWh, co obxecto de reducir o seu importe.

Para estes efectos, cómpre ter en conta que este limiar de 45 €/MWh se relaciona coa cotización media durante o mes de decembro de 2020 dos contratos de entrega a prazo de electricidade en España para o ano 2021 que, como se sinalou, para a segunda metade de 2021 se establece en 83,32 €/MWh; polo tanto, o dito limiar sitúase por baixo das expectativas de prezos futuros do mercado.

Tamén se debe sinalar que esta medida se lles aplica a todos os contratos de subministración de enerxía eléctrica sempre que a potencia contratada non supere os 10 kW, o que supón, en realidade, a súa aplicación á práctica totalidade dos fogares consumidores finais, xa que a potencia media contratada polos consumidores domésticos é aproximadamente de 4,1 kW. Do mesmo xeito, a medida permitirá que se beneficie dela un gran número de traballadores autónomos.

Por outra banda, para paliar situacións de pobreza enerxética dos consumidores máis vulnerables tamén se rebaixa ao 10 por cento o tipo impositivo do IVE aplicable á factura eléctrica dos titulares de contratos de subministración de electricidade que sexan perceptores do bono social e que, ademais, teñan recoñecida a condición de vulnerable severo ou vulnerable severo en risco de exclusión social, durante o período de vixencia deste real decreto lei, con independencia do prezo da electricidade do mercado grosista.

Esta medida vai beneficiar aproximadamente 612.000 fogares con esta condición, que representan, aproximadamente, o 50 por cento do total de fogares beneficiarios do bono social de electricidade.

Esta proposta foi comunicada mediante procedemento escrito ao Comité do IVE o pasado 22 de xuño.

Adicionalmente, co obxecto de compensar os maiores custos que están soportando as empresas que determinan o prezo da electricidade no mercado grosista debido, como se sinalou anteriormente, á evolución do prezo do gas natural e dos dereitos de emisión do CO₂, considérase oportuno reducir outro dos custos operativos, como é o imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica.

Desta forma poderán volver ofertar prezos máis competitivos que redunden favorablemente nos consumidores.

Como consecuencia, de forma excepcional, durante o terceiro trimestre de 2021, procédese a exonerar do imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica as instalacións que producen electricidade e a incorporan ao sistema eléctrico.

Iso comporta modificar o cómputo da base imponible e dos pagamentos fraccionados regulados na normativa do tributo.

Esta suspensión, de acordo coas mellores estimacións de ingresos e custos, é compatible cun peche do exercicio 2021 do sistema eléctrico en equilibrio, respectándose o principio de sustentabilidade económica e financeira consagrado na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sistema eléctrico.

II

O pasado 7 de xuño, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico someteu ao trámite de audiencia e información pública o proxecto de real decreto polo que se aproban os plans de ordenación do espazo marítimo (POEM) das cinco demarcacións mariñas españolas existentes. Os ditos POEM desenvolveranse segundo o establecido no Real decreto 363/2017, do 8 de abril, polo que se establece un marco para a ordenación do espazo marítimo, normativa que traspuxo ao ordenamento xurídico nacional a Directiva 2014/89/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, pola que se establece un marco para a ordenación do espazo marítimo. Este novo marco de ordenación

do espazo mariño provocará que precisen ser revisados procedementos de autorizacións ou concesións que tivesen como elemento común a adxudicación ou reserva de zonas para o desenvolvemento de actividades no espazo mariño.

Tal é o caso do procedemento administrativo vixente para a autorización de instalacións de produción de enerxía eléctrica no espazo mariño, establecido mediante o Real decreto 1028/2007, do 20 de xullo, polo que se establece o procedemento administrativo para a tramitación das solicitudes de autorización de instalacións de xeración eléctrica no mar territorial. O citado real decreto desenvolve, no seu título II, un procedemento de autorización de instalacións que comporta, de maneira previa á tramitación da autorización administrativa, unha solicitude e outorgamento mediante procedemento de concorrencia competitiva dunha reserva de zona.

Á luz da nova ordenación do espazo marítimo actualmente en tramitación, e no marco que estableza a futura folla de ruta para o desenvolvemento da eólica mariña e das enerxías do mar en España, actualmente en elaboración, faise necesario, a través da disposición adicional terceira, non admitir novas solicitudes de autorización administrativa e de reserva de zona no mar territorial ao abeiro do Real decreto 1028/2007, do 20 de xullo, ata o desenvolvemento do novo marco que axuste o procedemento actual á ordenación do espazo marítimo que resulte da tramitación dos POEM e ao contido da folla de ruta.

III

O impacto da crise sanitaria e económica motivou a modificación da Lei 19/2003, do 4 de xullo, sobre réxime xurídico dos movementos de capitais e das transaccións económicas co exterior, por medio do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, que engadiu un novo artigo 7 bis de suspensión do réxime de liberalización de determinados investimentos estranxeiros directos en España.

Conforme o artigo 7 bis, os investimentos estranxeiros directos defínense como aqueles que realicen os residentes en países fóra da UE e da Asociación Europea de Libre Comercio (AELC), ou os residentes en países da UE ou da AELC no caso de que os titulares reais residan fóra da UE ou da AELC e que leven o investidor a ter un 10 por cento ou máis da compañía española ou unha participación efectiva na súa xestión e control.

Dado o forte impacto económico da crise sanitaria provocada pola pandemia da COVID-19 e a súa extensión no tempo, o Real decreto lei 34/2020, do 17 de novembro, de medidas urxentes de apoio á solvencia empresarial e ao sector enerxético, e en materia tributaria, amplía a protección establecida no citado artigo 7 bis da Lei 19/2003 aos investimentos provenientes da Unión Europea e da Asociación Europea de Libre Comercio en certas circunstancias. Así, a través da disposición transitoria única, o citado real decreto lei estableceu un réxime transitorio, ata o 30 de xuño de 2021, polo que o réxime de suspensión de liberalización de determinados investimentos estranxeiros directos, regulado nos números 2 e 5 do citado artigo 7 bis, se aplicará tamén aos investimentos realizados por residentes doutros países da Unión Europea e da Asociación Europea de Libre Comercio sobre empresas cotizadas en España ou sobre empresas non cotizadas se o valor do investimento supera os 500 millóns de euros.

Ao estar xa próximo o vencemento da data prevista na disposición transitoria única do Real decreto lei 34/2020, do 17 de novembro, de medidas urxentes de apoio á solvencia empresarial e ao sector enerxético, en materia tributaria, resulta necesario introducir un novo prazo que alongue esta medida ata o 31 de decembro de 2021, dado que se manteñen aínda as circunstancias que motivaron a súa adopción e a economía está aínda nun proceso de recuperación.

Mediante esta norma prorrógase a vixencia desta medida transitoria para asegurar a protección da seguridade, saúde e orde públicas do noso país, dado que aínda nos encontramos inmersos na crise sanitaria provocada pola COVID-19, cuxa prolongación no tempo fai necesario adoptar este tipo de medidas.

Así, a través da disposición derradeira segunda deste real decreto lei, modifícase a disposición transitoria única do referido Real decreto lei 34/2020, do 17 de novembro, para

prorrogar ata a citada data do 31 de decembro de 2021 o réxime transitorio, polo que o réxime de suspensión de liberalización de determinados investimentos estranxeiros directos, regulado nos números 2 e 5 do citado artigo 7 bis, se aplicará tamén aos investimentos estranxeiros directos sobre empresas cotizadas en España ou sobre empresas non cotizadas se o valor do investimento supera os 500 millóns de euros, realizados por residentes doutros países da Unión Europea e da Asociación Europea de Libre Comercio. Para estes efectos, consideraranse sociedades cotizadas en España aquelas cuxas accións estean, en todo ou en parte, admitidas a negociación nun mercado secundario oficial español e teñan o seu domicilio social en España.

Coa disposición derradeira terceira modifícase a Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, para actualizar o límite absoluto da dedución de 5,4 a 12,4 millóns, seguindo os cambios que se introduciron no límite a nivel estatal de maneira que Canarias manteña o diferencial respecto ao límite de dedución na península.

Ademais, introdúcese unha modificación no terceiro parágrafo polas seguintes razóns:

Con anterioridade, o artigo 36.2 da LIS non tiña dúas letras [a) e b)]. Porén, con posterioridade ao Real decreto lei 17/2020, tivo que se modificar a través do Real decreto lei 34/2020 para ser adaptada á Comunicación da Comisión Europea sobre axuda estatal ás obras cinematográficas e outras producións do sector audiovisual. Por iso agora a redacción debería ser precisada para adaptarse a esta nova regulación do artigo 36.2 LIS.

Actualízase o termo «servizos de posproducción» por servizos «de efectos visuais» por ser tecnicamente equivalentes de acordo co establecido polo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA).

Non se produce ningún cambio na tributación efectiva que hai na actualidade, unicamente unha adaptación na redacción.

Limitáase a entrada en vigor desa modificación aos períodos impositivos que se inicien durante 2020.

IV

O Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, establece como criterio xeral do outorgamento de acceso a prelación temporal. Porén, no seu capítulo V, recolle como caso particular de outorgamento de acceso a realización de concursos de capacidade de acceso, que se poderán convocar en determinados nós da rede de transporte co obxecto de conectar á rede instalacións de xeración de electricidade que utilicen fontes de enerxía primaria de orixe renovable e para instalacións de almacenamento. Neste capítulo V, establécese que os nós onde se poderán realizar os concursos son nós da rede de transporte en que se cumpran unhas condicións concretas.

Así mesmo, régúlase o procedemento de reserva e acumulación da capacidade de acceso para un potencial concurso, así como as obrigacións de informe do operador do sistema a partir das cales se resolverá a realización dun concurso. Adicionalmente, inclúese neste capítulo o prazo máximo para convocar un concurso.

O proceso de descarbonización e electrificación da economía, previsto no Plan nacional integrado de enerxía e clima 2021-2030 (PNIEC), adoptado polo Acordo do Consello de Ministros do 16 de marzo de 2021, e a Estratexia a longo prazo 2050, aprobada polo Acordo do Consello de Ministros do 3 de novembro de 2020, recolle as medidas e actuacións necesarias para a optimización do consumo enerxético e a substitución de combustibles fósiles por xeración renovable. Este proceso prevé acadar un 42 % de penetración renovable sobre o consumo final de enerxía en 2030, mediante o impulso de xeración renovable, tanto de autoconsumo nas cubertas de vivendas e industrias, como en plantas de distinto tamaño ao longo de toda a xeografía nacional. De acordo coa Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, a produción de enerxía eléctrica é unha actividade liberalizada, non sometida a planificación vinculante e suxeita a un réxime regrado de autorizacións e á avaliación de impacto ambiental de acordo co

recollido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. Así mesmo, as plantas de produción deben obter permisos de acceso e conexión á rede eléctrica para poderen inxectar a enerxía xerada.

Así, no relativo á localización das plantas de produción de enerxías renovables e de almacenamento, e tendo que conta o recollido no parágrafo anterior, a localización destas necesariamente dependerá da análise por parte do promotor da existencia de recurso renovable, da minimización do impacto ambiental e social e da proximidade de nós das redes de transporte e distribución onde evacuar a enerxía xerada, que se someterá ao trámite ambiental correspondente. Debido á existencia na xeografía española de lugares en que se dá unha excelente combinación destes factores, podémonos encontrar con que en determinadas zonas existe un forte apetito para o desenvolvemento destes proxectos.

Os obxectivos de política enerxética e penetración de renovables para España están establecidos no PNIEC, así como na Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, que establece no seu artigo 2 que as actuacións derivadas da lei se rexerán, entre outros, polos principios de descarbonización da economía española, entendendo por tal a consecución dun modelo socioeconómico sen emisións de gases de efecto invernadoiro, así como criterios de cohesión social e territorial; en especial, garántense a harmonización e o desenvolvemento económico das zonas onde se sitúen as centrais de enerxías renovables respectando os valores ambientais.

En consecuencia, co fin de conciliar o desenvolvemento da implantación de xeración renovable, que conduza á descarbonización da economía, coa compatibilidade ambiental e coa cohesión social e territorial, a disposición derradeira cuarta modifica o Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, para que, no outorgamento de capacidade de acceso, se poidan considerar adicionalmente aspectos locais e ambientais das zonas afectadas, co obxectivo de que os proxectos adxudicatarios da capacidade de acceso outorgada polos concursos sexan aqueles que maximicen os retornos xerais e fomenten o desenvolvemento das capacidades endóxenas de cada territorio, contribuíndo así á consecución dos obxectivos de política enerxética e de penetración de renovables.

Para tal fin introdúcese un novo ordinal 4.º) no artigo 19.1.d), relativo aos criterios aplicables aos concursos, que permite recoller neles aspectos locais e ambientais que impulsen unha maior aceptación nas zonas de instalación das plantas de xeración renovable.

V

O Tribunal Supremo sinalou de forma reiterada, en relación co momento de aprobación do canon de regulación e da tarifa de utilización da auga, que o artigo 114.7 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo (TRLA), contiña unha retroactividade non permitida, polo que anulou, de forma constante, as liquidacións de ambas as taxas efectuadas de acordo co citado precepto que eran obxecto de impugnación na vía contencioso-administrativa.

A disposición adicional novena, número 3, da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2021 (LOXE), modificou o número 7 do artigo 114, Canon de regulación e tarifa de utilización da auga, do citado texto refundido da Lei de augas, establecendo o seguinte: «O organismo de bacía, de acordo co establecido neste artigo, determinará as contías anuais do canon de regulación e da tarifa de utilización da auga antes do comezo do exercicio a que se apliquen, efectuando as liquidacións correspondentes durante o primeiro semestre do ano natural seguinte a aquel en que sexan de aplicación».

Esta nova redacción do artigo 114.7 do TRLA supuxo a desexada eliminación da retroactividade prohibida polo ordenamento xurídico sinalada pola xurisprudencia do Tribunal Supremo. Neste sentido, a nova redacción do precepto establece a obrigação de aprobar os canons e tarifas antes do comezo do ano en que se aplican. No entanto, introduciu unha disfunción para efectos da súa aplicación, en relación coa práctica anual das liquidacións dos canons e tarifas. A aplicación literal desta modificación, desde a súa entrada en vigor o día 1 de xaneiro de 2021, implica, para efectos prácticos, que os canons

e as tarifas que deben ser liquidados no ano 2021 para a recuperación dos custos dos servizos prestados durante o 2021 por todas as confederacións hidrográficas non poidan ser liquidados no ano que lles resulta de aplicación, é dicir, 2021, e que a dita liquidación debe esperar ao primeiro semestre do ano 2022.

Esta situación implica un quebrantamento do principio de recuperación de custos previsto no artigo 111 bis do TRLA para o Estado. As confederacións hidrográficas seguiranlles prestando os servizos aos usuarios durante o 2021 sen poderen recuperar os custos deste ano ao estaren privadas dos ingresos que perciben cada ano polos servizos que prestan.

A disposición transitoria única prevé para a liquidación dos canons de regulación e tarifas de utilización da auga correspondentes ao ano 2021 unha ampliación do período liquidable, que abranguerá desde o inicio do ano natural en que resulte de aplicación, é dicir, o ano 2021, ata o primeiro semestre do ano seguinte, e as disposicións derradeiras quinta e sexta amplían igualmente o período de recadación para futuros exercicios.

VI

O artigo 86 da Constitución permítelle ao Goberno ditar decretos leis «en caso de extraordinaria e urxente necesidade», sempre que non afecten o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

O real decreto lei constitúe un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que, tal e como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, F. 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, F. 4, 137/2003, do 3 de xullo, F. 3, e 189/2005, do 7 de xullo, F. 3; 68/2007, F. 10, e 137/2011, F. 7), o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa acorrer unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que, por razóns difíciles de prever, require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno.

Debe quedar, polo tanto, acreditada «a existencia dunha necesaria conexión entre a situación de urxencia definida e a medida concreta adoptada para remediala (SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 182/1997, do 20 de outubro, FX 3, e 137/2003, do 3 de xullo, FX 4)».

Ningunha dúbida ofrece que a situación que afrontan os consumidores e as empresas do noso país polas flutuacións e o encarecemento dos prezos da electricidade no mercado, a necesaria transición do sector eléctrico e os hábitos de consumo para lograr un sistema máis eficiente baseado nas enerxías renovables e a «descarbonización», así como a situación socioeconómica derivada da COVID-19 e o incremento dos fogares vulnerables que teñen serias dificultades para pagar unha cantidade de enerxía suficiente para satisfacer as súas necesidades domésticas, fan necesaria a adopción destas medidas. O mesmo ocorre con respecto á prórroga da vixencia do réxime transitorio de suspensión de liberalización de determinados investimentos estranxeiros directos realizados por residentes doutros países da Unión Europea e da Asociación Europea de Libre Comercio, co obxecto de salvagardar a protección da seguridade, saúde e orde pública no noso país mentres se consolida a saída da crise sanitaria e a recuperación económica.

Igualmente, á luz da nova normativa de ordenación do espazo marítimo resulta necesario realizar unha reforma estrutural da normativa para a tramitación de instalacións de xeración de enerxía eólica mariña que teña igualmente en conta a evolución do marco retributivo das enerxías renovables e os avances tecnolóxicos. Actualmente rexístráronse solicitudes de reserva de zona por máis de 13 GW, polo que, mentres se desenvolve a dita normativa, cómpre evitar que as expectativas deste cambio normativo provoquen un incremento exponencial das solicitudes, coa consecuente inseguridade xurídica.

Para evitar esta situación é necesario actuar mediante un procedemento lexislativo urxente e extraordinario como o do real decreto lei.

Por outra banda, de acordo coa Circular 1/2021, do 20 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establecen a metodoloxía e as condicións do acceso e da conexión ás redes de transporte e distribución das instalacións de produción de enerxía eléctrica, os xestores da rede deberán ter publicadas o 1 de xullo próximo as capacidades dispoñibles nos nós da rede, calculadas de conformidade coas especificacións de detalle aprobadas pola Resolución do 20 de maio de 2021, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establecen as especificacións de detalle para determinar a capacidade de acceso de xeración á rede de transporte e ás redes de distribución.

O Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, prevé outorgar, nos supostos establecidos no seu capítulo V, a capacidade dos nós da rede de transporte mediante concursos que teñan en consideración outros criterios que prioricen a consecución dos obxectivos de política enerxética e penetración de renovables.

Resulta necesario engadir aos criterios xa fixados no artigo 19 outros relativos ao desenvolvemento das capacidades económicas endóxeas e á minimización do impacto ambiental dos proxectos. Todo iso co obxectivo de garantir un despregamento das renovables que maximice o retorno sobre os territorios e a súa aceptación local, co obxecto de cumprir cos obxectivos do Plan nacional integrado de enerxía e clima 2021-2030, adoptado mediante o Acordo do Consello de Ministros do 16 de marzo de 2021.

Debido a que, ante a inminente publicación o 1 de xullo da información sobre as capacidades de acceso, a Secretaría de Estado de Enerxía se deberá pronunciar sobre a posibilidade de convocar concursos nos nós da rede que cumpran os requisitos fixados na normativa, e iniciar con iso o procedemento para a convocatoria do que será o primeiro concurso de capacidade de acceso, resulta necesario modificar, o máis axiña posible, o referido artigo 19 para incorporar os ditos criterios, de maneira que a decisión de convocar os concursos sexa adoptada co marco normativo que os rexerá.

Así mesmo, a motivación material da reforma da lexislación de augas que se acomete neste real decreto lei deriva da necesidade de que as confederacións hidrográficas poidan afrontar as graves consecuencias derivadas da situación causada pola modificación introducida no texto refundido da Lei de augas pola disposición derradeira 9.^a, ordinal 3.^o, da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2021. A actual redacción do artigo 114.7 supoñerá que as confederacións hidrográficas deixarán de ingresar, no seu conxunto, a cantidade de 216 millóns de euros, que non poderán percibir por outro procedemento e que dará lugar non só a un desequilibrio orzamentario moi acusado, senón á paralización dunha parte importante das súas actividades. En definitiva, deixarán de prestar de maneira significativa o servizo público que teñen atribuído pola Lei de augas.

En consecuencia, a extraordinaria e urxente necesidade de aprobar este real decreto lei inscríbese no xuízo político ou de oportunidade que lle corresponde ao Goberno en canto órgano de dirección política do Estado (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FF.XX. 4 e 7; 142/2014, do 11 de setembro, FX 3) e esta decisión, sen dúbida, supón unha ordenación de prioridades políticas de actuación (STC 14/2020, do 28 de xaneiro), centradas no cumprimento da seguridade xurídica, a garantía de prezos xustos e competitivos aos cidadáns e ás empresas, e a protección da seguridade, saúde e orde pública nesta fase de recuperación económica. Os motivos de oportunidade que se acaban de expoñer demostran que, en ningún caso, este real decreto lei constitúe un suposto de uso abusivo ou arbitrario deste instrumento constitucional (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 100/2012, do 8 de maio, FX 8; 237/2012, do 13 de decembro, FX 4; 39/2013, do 14 de febreiro, FX 5). Ao contrario, todas as razóns expostas xustifican ampla e razoadamente a adopción desta norma (SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 111/1983, do 2 de decembro, FX 5; 182/1997, do 20 de outubro, FX 3).

Cómpre sinalar tamén que este real decreto lei non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

A introdución das modificacións indicadas resulta de extraordinaria e urxente necesidade, dada a existencia de prazos perentorios para a incorporación das modificacións expostas e as consecuencias negativas que se producirían por un atraso na súa aprobación.

Por todo o exposto, concorren desta forma as circunstancias de «extraordinaria e urxente necesidade» que constitúen o presuposto habilitante exixido ao Goberno polo artigo 86.1 da Constitución para ditar reais decretos leis.

Ademais, como sinala a STC 100/2012, do 8 de maio, no seu FX 9, «do feito de que a materia tributaria estea suxeita ao principio de reserva de lei (arts. 31.3 e 133.1 e 3 da CE) e de que a dita reserva teña carácter relativo e non absoluto “non deriva necesariamente que se encontre excluída do ámbito de regulación do decreto lei, que poderá penetrar na materia tributaria sempre que se dean os requisitos constitucionais do presuposto habilitante e non ‘afecte’, no sentido constitucional do termo, as materias excluídas» (SSTC 182/1997, do 28 de outubro, FX 8; 137/2003, do 3 de xullo, FX 6; e 108/2004, do 30 de xuño, FX 7; 245/2004, do 16 de decembro, FX 4; e 189/2005, do 7 de xullo, FX 7). (...) E, sobre este particular, na sección 2 do capítulo segundo do título I da Constitución, baixo a rúbrica «Dos dereitos e deberes dos cidadáns», insírese o artigo 31.1 da CE, precepto que establece «un auténtico mandato xurídico, fonte de dereitos e obrigacións», do cal «deriva un deber constitucional para os cidadáns de contribuír, a través dos impostos, ao sostemento ou financiamento dos gastos públicos» (SSTC 182/1997, do 28 de outubro, FX 6; 245/2004, do 16 de decembro, FX 5; e 189/2005, do 7 de xullo, FX 7). En consecuencia, é un dos «deberes cuxa afectación está vedada ao decreto lei o deber de contribuír ao sostemento dos gastos públicos que enuncia o artigo 31.1 da CE» (SSTC 137/2003, do 3 de xullo, FX 6; 245/2004, do 16 de decembro, FX 5; e 189/2005, do 7 de xullo, FX 7).

Pois ben, o artigo 31.1 da CE «conecta o citado deber de contribuír co criterio da capacidade económica» e relaciónao, pola súa vez, «non con calquera figura tributaria en particular, senón co conxunto do sistema tributario», polo que queda claro «que o decreto lei non poderá alterar nin o réxime xeral nin aqueles elementos esenciais dos tributos que inciden na determinación da carga tributaria, afectando así o deber xeral dos cidadáns de contribuír ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa riqueza mediante un sistema tributario xusto» (SSTC 182/1997, do 18 de outubro, FX 7; 137/2003, do 3 de xullo, FX 6; 108/2004, do 30 de xuño, FX 7; e 189/2005, do 7 de xullo, FX 7). De maneira que vulnerará o artigo 86 CE «calquera intervención ou innovación normativa que, pola súa entidade cualitativa ou cuantitativa, altere sensiblemente a posición do obrigado a contribuír segundo a súa capacidade económica no conxunto do sistema tributario» (SSTC 182/1997, do 28 de outubro, FX 7; 137/2003, do 3 de xullo, FX 6; 108/2004, do 30 de xuño, FX 7; e 189/2005, do 7 de xullo, FX 7). Polo tanto, será preciso ter en conta «en cada caso en que tributo concreto incide o decreto lei –constatando a súa natureza, a estrutura e a función que cumpre dentro do conxunto do sistema tributario, así como o grao ou medida en que intervén o principio de capacidade económica–, que elementos del –esenciais ou non– resultan alterados por este excepcional modo de produción normativa e, en fin, cal é a natureza e o alcance da concreta regulación de que se trate» (SSTC 182/1997, do 28 de outubro, FX 7; 137/2003, do 3 de xullo, FX 6; 108/2004, do 30 de xuño, FX 7; e 189/2005, do 7 de xullo, FX 7).

Á luz destas consideracións, cabe afirmar que non se vulnera o citado artigo 31 da Constitución xa que, como se sinala na antes citada STC 100/2012 (FX 9), «(...) non provocou un cambio substancial da posición dos cidadáns no conxunto do sistema tributario, de maneira que non afectou a esencia do deber constitucional de contribuír ao sostemento dos gastos públicos que enuncia o artigo 31.1 CE» (SSTC 137/2003, do 3 de xullo, FX 7; e 108/2004, do 30 de xuño, FX 8).

VII

Este real decreto lei adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Deste xeito, cúmprese co principio de necesidade, que quedou plenamente xustificado. Igualmente, dáse cumprimento aos principios de seguridade xurídica, proporcionalidade e eficacia, e destácase que as medidas que incorpora son congruentes co ordenamento xurídico e incorporan a mellor alternativa posible dada a situación de excepcionalidade, ao conter a regulación necesaria e imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados.

En canto ao principio de transparencia, dado que se trata dun real decreto lei, a súa tramitación está exenta de consulta pública previa e dos trámites de audiencia e información públicas, conforme o artigo 26.11 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Finalmente, respecto do principio de eficiencia, non se impoñen máis cargas que as estritamente necesarias.

Este real decreto lei consta dun preámbulo e dunha parte dispositiva, estruturada en dous artigos, tres disposicións adicionais, unha disposición transitoria e nove disposicións derradeiras, e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.10.^a, 13.^a, 14.^a, 22.^a e 25.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de comercio exterior, bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, facenda xeral, lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando discorran por máis dunha comunidade autónoma e bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Así mesmo, habíltanse o Goberno e as persoas titulares dos ministerios de Facenda e para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, no ámbito das súas competencias, para ditaren as disposicións e adoptaren as medidas que sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do disposto neste real decreto lei, xa que é posible que por razóns técnicas poidan ser necesarias algunhas concrecións do previsto neste real decreto lei por parte do Consello de Ministros ou por parte dos titulares dos departamentos ministeriais competentes.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da vicepresidenta cuarta do Goberno e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e da ministra de Facenda, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de xuño de 2021,

DISPOÑO:

Artigo 1. Tipo impositivo aplicable do imposto sobre o valor engadido a determinadas entregas, importacións e adquisicións intracomunitarias de enerxía eléctrica.

Con efectos desde a entrada en vigor deste real decreto lei e vixencia ata o 31 de decembro de 2021, aplicarase o tipo do 10 por cento do imposto sobre o valor engadido ás entregas, importacións e adquisicións intracomunitarias de enerxía eléctrica efectuadas a favor de:

a) Titulares de contratos de subministración de electricidade, cuxa potencia contratada (termo fixo de potencia) sexa inferior a 10 kW, con independencia do nivel de tensión da subministración e da modalidade de contratación, cando o prezo medio aritmético do mercado diario correspondente ao último mes natural anterior ao do último día do período de facturación superase os 45 €/MWh.

b) Titulares de contratos de subministración de electricidade que sexan perceptores do bono social de electricidade e teñan recoñecida a condición de vulnerable severo ou vulnerable severo en risco de exclusión social, de conformidade co establecido no Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable,

o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.

Artigo 2. Determinación da base impositiva e do importe dos pagamentos fraccionados do imposto sobre o valor da produción de enerxía eléctrica durante o exercicio 2021.

Para o exercicio 2021, a base impositiva do imposto sobre o valor da produción de enerxía eléctrica estará constituída polo importe total que lle corresponda percibir ao contribuínte pola produción e incorporación ao sistema eléctrico de enerxía eléctrica, medida en barras de central, por cada instalación no período impositivo, minorada nas retribucións correspondentes á electricidade incorporada ao sistema durante o terceiro trimestre natural.

Os pagamentos fraccionados do terceiro trimestre calcularanse en función do valor da produción de enerxía eléctrica en barras de central realizada durante o período impositivo minorado nas retribucións correspondentes á electricidade incorporada ao sistema durante o dito trimestre, aplicándose o tipo impositivo previsto no artigo 8 da Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, e deducindo o importe dos pagamentos fraccionados previamente realizados.

Os pagamentos fraccionados do cuarto trimestre calcularanse en función do valor da produción de enerxía eléctrica en barras de central realizada durante o período impositivo minorado nas retribucións correspondentes á electricidade incorporada ao sistema durante o terceiro trimestre natural, aplicándose o tipo impositivo previsto no artigo 8 da Lei 15/2012, do 27 de decembro, e deducindo o importe dos pagamentos fraccionados previamente realizados.

Disposición adicional primeira. Revisión dos parámetros retributivos aplicables ás instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos.

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, como organismo encargado das liquidacións, levará a cabo a liquidación necesaria para adaptar a retribución procedente do réxime retributivo específico, detraendo as cantidades non aboadas polas instalacións como consecuencia da suspensión do imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica, segundo o establecido no artigo 2.

2. A dita adaptación terá lugar na primeira liquidación en que se dispoña dos axustes correspondentes tras a entrada en vigor do citado artigo.

Disposición adicional segunda. Destino do superávit do sector eléctrico no exercicio 2020.

Malia o previsto no artigo 19 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, con carácter excepcional, se no peche do exercicio 2020 se xerara superávit de ingresos do sistema eléctrico, a súa totalidade aplicarase para cubrir os desaxustes temporais e as desviacións transitorias entre ingresos e custos do exercicio 2021.

Disposición adicional terceira. Solicitudes de autorización administrativa de instalacións presentadas ao abeiro do Real decreto 1028/2007, do 20 de xuño, polo que se establece o procedemento administrativo para a tramitación das solicitudes de autorización de instalacións de xeración eléctrica no mar territorial.

1. Desde a entrada en vigor deste real decreto lei, e ata a aprobación polo Goberno dun novo marco normativo para as instalacións de xeración de enerxía eléctrica no mar territorial, non se admitirán novas solicitudes de reserva de zona de instalacións de xeración eólicas mariñas no marco do procedemento establecido no título II do Real decreto 1028/2007, do 20 de xuño.

2. Tampouco se admitirán novas solicitudes de autorización administrativa de instalacións de xeración eólicas mariñas ao abeiro do establecido no artigo 32 do Real decreto 1028/2007, do 20 de xuño.

Aquelas solicitudes de autorización administrativa presentadas con anterioridade á entrada en vigor desta disposición adicional continuarán coa súa tramitación segundo o previsto no Real decreto 1028/2007, do 20 de xuño.

Disposición transitoria única. *Pagamentos correspondentes ao ano 2021.*

O disposto neste real decreto lei en materia de canons de regulación e de tarifas de utilización de auga será de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2021. Para estes efectos, a posta á cobranza do canon de regulación e da tarifa de utilización da auga correspondentes ao exercicio 2021 farase desde o día da entrada en vigor deste real decreto lei ata o 30 de xuño de 2022.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1. 10.^a, 13.^a, 14.^a, 22.^a e 25.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de comercio exterior, bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, facenda xeral, lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando discorran por máis dunha comunidade autónoma, e bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto lei 34/2020, do 17 de novembro, de medidas urxentes de apoio á solvencia empresarial e ao sector enerxético, e en materia tributaria.*

Modifícase a disposición transitoria única do Real decreto lei 34/2020, do 17 de novembro, de medidas urxentes de apoio á solvencia empresarial e ao sector enerxético, e en materia tributaria, que queda redactada no seguintes termos:

«O réxime de suspensión de liberalización de determinados investimentos estranxeiros directos en España, regulado nos números 2 e 5 do artigo 7 bis da Lei 19/2003, do 4 de xullo, aplicarase ata o 31 de decembro de 2021 aos investimentos estranxeiros directos sobre empresas cotizadas en España, ou sobre empresas non cotizadas se o valor do investimento supera os 500 millóns de euros, realizados por residentes doutros países de Unión Europea e da Asociación Europea de Libre Comercio. Para estes efectos, consideraranse sociedades cotizadas en España aquelas cuxas accións estean, en todo ou en parte, admitidas a negociación nun mercado secundario oficial español e teñan o seu domicilio social en España.

Para os efectos deste réxime transitorio, entenderase por investimentos estranxeiros directos aqueles investimentos como consecuencia dos cales o investidor pase a ter unha participación igual ou superior ao 10 por cento do capital social da sociedade española, ou cando, como consecuencia da operación societaria, acto ou negocio xurídico, se adquira o control da dita sociedade de acordo cos criterios establecidos no artigo 7.2 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, tanto os realizados por residentes de países da Unión Europea e da Asociación Europea de Libre Comercio diferentes a España, coma os realizados por residentes en España cuxa titularidade real corresponda a residentes doutros países da Unión Europea e da Asociación Europea de Libre Comercio. Entenderase que existe esa titularidade real cando estes últimos posúan ou controlen en último termo, directa ou indirectamente, unha porcentaxe superior ao 25 por cento do capital ou dos dereitos de voto do investidor, ou cando por outros medios exerzan o control, directo ou indirecto, do investidor.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien durante o ano 2020, modifícase a disposición adicional décimo cuarta da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, que queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Límites das deducións por investimentos en producións cinematográficas, series audiovisuais e espectáculos en vivo de artes escénicas e musicais realizadas en Canarias.*

O importe da dedución por investimentos en producións españolas de longametraxes e curtametraxes cinematográficas e de series audiovisuais de ficción, animación ou documental a que se refire o número 1 do artigo 36 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, non poderá ser superior a 12,4 millóns de euros cando se trate de producións realizadas en Canarias.

O importe da dedución por gastos realizados en territorio español por producións estranxeiras de longametraxes cinematográficas ou de obras audiovisuais, a que se refire o número 2 do artigo 36 da Lei 27/2014, non poderá ser superior a 12,4 millóns de euros cando se trate de gastos realizados en Canarias.

Con respecto ao importe mínimo de gasto que fixa a letra a) do número 2 do artigo 36 da Lei 27/2014, os gastos realizados en Canarias de animación dunha produción estranxeira deberán ser superiores a 200.000 euros. En relación coa execución de servizos de efectos visuais, será de aplicación o disposto na letra b) do número 2 do artigo 36 da Lei 27/2014.

O importe da dedución por gastos realizados na produción e exhibición de espectáculos en vivo de artes escénicas e musicais a que se refire o número 3 do artigo 36 da Lei 27/2014 non poderá ser superior a 900.000 euros cando se trate de gastos realizados en Canarias.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica.*

1. Introdúcese un novo ordinal 4.º) no artigo 19.1.d) do Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, coa seguinte redacción:

«4.º) Os concursos poderán incorporar os seguintes criterios socioeconómicos e ambientais nas zonas onde se sitúen as instalacións:

a) Impacto socioeconómico na área e nos seus habitantes, que será valorado mediante unha metodoloxía obxectiva e cuantificable de acordo co recollido nos seguintes puntos:

i. Empregos directos xerados nos municipios locais e adxacentes, tanto durante o proceso de construción e posta en marcha das instalacións de xeración e/ou almacenamento como durante a operación destas.

ii. Empregos indirectos xerados nos municipios locais e adxacentes, tanto durante o proceso de construción e posta en marcha das instalacións como durante a operación destas. Deberase distinguir por sectores ou actividades relacionadas, compatibles ou susceptibles de beneficiarse do desenvolvemento de renovables como consecuencia do proxecto.

iii. Impacto económico na cadea de valor industrial local, rexional, nacional e comunitaria, medido en termos de investimento dos servizos e bens adquiridos para o desenvolvemento do proxecto de xeración e/ou almacenamento sobre o investimento total do proxecto.

iv. Porcentaxe de participación, medida en termos de investimento no proxecto de xeración e/ou almacenamento de investidores locais, e de empresas e administracións da zona en que se situará a instalación.

v. Presentación de mecanismos de reinvestimento dos ingresos obtidos polas plantas de xeración e/ou almacenamento na zona en que se situará a instalación.

b) Establecerase unha puntuación en función do previsible grao de afección ambiental. Para estes efectos, terase en conta a clasificación en distintas zonas no mapa de "Zonificación ambiental para a implantación de enerxías renovables: eólica e fotovoltaica", elaborado pola Secretaría de Estado de Medio Ambiente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.»

2. Introdúcese unha nova letra d) no artigo 19.2 do Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro:

«d) As penalizacións que se aplicarán polo incumprimento dos compromisos aos cales se refire o ordinal 4.º, letra a), do artigo 19.1.d).»

3. Introdúcese un novo número 4 no artigo 19.2 do Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro:

«4. Para os efectos do previsto no número 2.d), cada participante deberá constituír unha garantía ante a Caixa Xeral de Depósitos polo importe que se estableza na orde a que se refire o artigo 18.1. O importe desta garantía será proporcional aos criterios incluídos no ordinal 4.º, letra a), do artigo 19.1.d) que sexan de aplicación para esa orde en particular.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.*

O artigo 114.7 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, queda redactado como segue:

«7. O organismo de bacía, de acordo co establecido neste artigo, determinará as contías anuais do canon de regulación e da tarifa de utilización da auga antes do comezo do exercicio a que se apliquen, e poderá practicalas desde o inicio do ano natural en que resulte de aplicación ata o último día do primeiro semestre do ano seguinte.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación do Regulamento do dominio público hidráulico que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI, VII e VIII do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, que se aproba polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril.*

1. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 303 do Regulamento do dominio público hidráulico que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI, VII e VIII do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, que se aproba polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, que queda redactado como segue:

«Artigo 303.

O canon de regulación poñerase á cobranza desde o inicio do ano natural en que resulte de aplicación ata o último día do primeiro semestre do ano seguinte a aquel en que sexa de aplicación.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

2. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 310 do Regulamento do dominio público hidráulico, que queda redactado como segue:

«Artigo 310.

A tarifa de utilización da auga poñeráse á cobranza desde o inicio do ano natural en que resulte de aplicación ata o último día do primeiro semestre do ano seguinte a aquel en que sexa de aplicación.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

3. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 311 do Regulamento do dominio público hidráulico, do seguinte modo:

«Artigo 311.

Unha vez aprobados os canons de regulación e as tarifas de utilización de auga, o organismo de bacía formulará as correspondentes liquidacións desde o 1 de xaneiro do ano natural en que resulten de aplicación ata o 30 de xuño do ano seguinte a aquel en que sexan de aplicación e notificarállelas aos interesados na forma prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Disposición derradeira sétima. *Salvagarda do rango de certas disposicións regulamentarias.*

As modificacións que, con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei, se poidan realizar respecto ás normas regulamentarias que son obxecto de modificación por este, en particular das disposicións derradeiras cuarta e sexta deste real decreto lei, poderanse efectuar mediante normas con rango de real decreto.

Disposición derradeira oitava. *Habilitación normativa.*

Habílanse o Goberno e as persoas titulares dos ministerios de Facenda e para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, no ámbito das súas competencias, para ditaren as disposicións e adoptaren as medidas que sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira novena. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», coa excepción da disposición adicional terceira, que entrará en vigor o mesmo día da publicación no «Boletín Oficial del Estado» deste real decreto lei.

Dado en Madrid o 24 de xuño de 2021.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN